

RENOVACIÓN PARCIAL DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO

En cumprimento da Resolución do 19 setembro do 2022 (DOG nº188, do 29 Setembro), da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, e aplicando o disposto no Decreto 92/1988, do 28 de abril (DOG do 29 de abril), modificado polo Decreto 279/1990, do 27 de abril (DOG do 17 de maio), e os decretos 324/1996, do 26 de xullo, 374/1996, do 17 de outubro, e 7/1999, do 7 de xaneiro, que establecen as condicións de celebración das eleccións dos membros dos consellos escolares nos centros docentes, por corresponder no curso 2022-2023 a renovación dos consellos escolares, comézase o proceso regulamentario.

COMPOSICIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO CENTRO DE OITO OU MÁIS UNIDADES (ROC, artigo 37º)	MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR QUE CORRESPONDE RENOVAR
<ul style="list-style-type: none">▪ O/A director/-a, que será o seu presidente.▪ O/A xefe/-a de estudos.▪ Cinco profesores/-as, elixidos polo claustro.▪ Cinco representantes dos pais/nais ou titores legais dos alumnos/-as.▪ Un/unha representante do persoal de administración e servizos.▪ Un concelleiro/-a ou representante do concello do municipio no que estea situado o centro.▪ O/A secretario/-a do centro, que actuará como secretario/-a do consello, con voz, pero sen voto.	<ul style="list-style-type: none">▪ Tres profesores/-as, elixidos polo claustro.▪ Un representante dos pais/nais ou titores legais dos alumnos/-as.

PROCEDEMENTO PRELIMINAR:

1. SORTEO PÚBLICO PARA A ELECCIÓN DE TRES MEMBROS QUE FORMARÁN PARTE DA XUNTA ELECTORAL DO CENTRO:

- Un/unha representante dos pais/nais ou titores legais.
- Un/unha representante do profesorado.
- Un/unha representante do persoal de administración e servizos.

2. COMPOSICIÓN DA XUNTA ELECTORAL:

- O director do centro.
- Un profesor/-a.
- Un pai/nai ou titor/-a legal de alumno/-a.
- Un/unha representante do persoal de administración e servizos.

O SORTEO LEVARASE A CABO O DÍA 3 DE NOVEMBRO, VENRES, ÁS 13.10 h NA DIRECCIÓN DO CENTRO.

Toén, 2 de novembro de 2022

O Director

Asdo.: Iván Martínez García